

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLO DA CULTURA GALEGA

RESOLUCIÓN do 13 de maio de 2015 pola que se dá publicidade aos convenios de colaboración subscritos no primeiro cuadrimestre do ano 2015.

Para os efectos previstos no artigo 11 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, acórdase darlles publicidade aos convenios de colaboración subscritos polo Consello da Cultura Galega no primeiro cuadrimestre do ano 2015, os cales se relacionan no anexo a esta resolución.

Santiago de Compostela, 13 de maio de 2015

Ramón Villares Paz
Presidente do Consello da Cultura Galega

ANEXO

| Convenio | Achega do Consello da Cultura Galega | Data da sinatura |
|--|--------------------------------------|------------------|
| Acordo para a dixitalización e posterior difusión dos fondos documentais de Xosé Filgueira Valverde | Sen dotación económica | 3.2.2015 |
| Convenio de colaboración para o intercambio de investigadores e creadores do Consello da Cultura Galega e Casa Velázquez | 6. 000 € | 28.2.2015 |
| Convenio de colaboración entre o Consello da Cultura Galega e a Universidade de Santiago de Compostela para a elaboración dunha bibliografía sobre os estudos de sociolingüística en Galicia (1983-2015) | 44. 500 € | 2.3.2015 |
| Convenio de colaboración entre o Consello da Cultura Galega e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización do estudo <i>A organización política do primeiro exilio galego, 1936-1950</i> | 44. 500 € | 14.4.2015 |
| Convenio de colaboración entre o Consello da Cultura Galega e a Universidade de Santiago de Compostela para o desenvolvemento do estudo <i>Mulleres e fotografía en Galicia. Mary Quintero</i> | 44. 500 € | 14.4.2015 |

